

Información

© Terán preferencia os nenos e nenas empadroadas no Concello da Coruña.

© Xustiza Social reservará o 20 % das prazas ofertadas, para menores beneficiarios de programas sociais.

© Na preinscrición poderán solicitarse ata tres quendas de campamento de día, indicando a orde de preferencia.

© As preinscricións para unha ou máis quendas, presentaranse nun único impreso (tríptico do campamento). No caso de que se detecte mais de un impreso a nome dun mesmo neno ou nena, anularanse todas as preinscricións.

© Os nenos e nenas que soliciten praza de NEE, terán unha numeración e un sorteo propio.

© Si a primeira ou a última praza adxudicada corresponde a un menor con un irmá ou unha irmá que se preinscribiu na mesma quenda e que ten un número de preinscrición correlativo, ambos obterán a praza.

© As listaxes de admisións e de reserva poderanse consultar nos centros cívicos, no Teléfono de Información Cidadá 010 e na páxina web www.servizossociais.coruna.es.

© Unha vez formalizada a inscrición non se terá dereito á devolución do custo do campamento, excepto por causas imputables ao prestador do servizo.

© A inscrición supón o estrito cumprimento do horario, incumprilo poderá supoñer a perda da praza adxudicada.

© Non formalizar a inscrición no prazo e horario establecido supón a perda do dereito á praza.

© Ofértanse 16 prazas repartidas nas catro quendas para nenos e nenas con NEE ou discapacidade, en grao que non lles impida participar nas actividades co grupo. Contarán con monitorado de apoio que non realizará tarefas de carácter hixiénico ou sanitario.

Reunións informativas

Antes de iniciar as quendas do campamento, os pais/nais dos nenos e nenas admitidas, deberán acudir a unha reunión onde se lles proporcionará información concreta sobre o campamento de día e recomendacións a seguir.

Todas as reunións celebraranse no salón de actos do centro cívico de Monelos.

Datas e horario das reunións

© QUENDA 1: venres 8 de xullo ás 19.30 h

© QUENDA 2: venres 22 de xullo ás 19.30 h

© QUENDA 3: venres 5 de agosto ás 19.30 h

© QUENDA 4: venres 19 de agosto ás 19.30 h

Recomendacións

© Non traer as actividades aparellos electrónicos, videoxogos, móbiles, etc.

© Levar roupa e calzado cómodo, unha gorra e crema de protección solar por si se realizan actividades no exterior.

© Non levar diñeiro ou obxectos de valor pois a organización non se fai responsable das perdas que poidan producirse durante o campamento.

© É aconsellable que non asistan aos campamentos os participantes que teñan enfermidades contaxiosas ou que presenten algún dos seguintes síntomas: máis de 37,5º de febre, vómitos ou diarrea, chagas ou aftas na boca, dificultade respiratoria, conxuntivite, erupcións ou alteracións atípicas na pel ou no caso de ter piollos ou lendias .

CAMPAMENTOS MUNICIPAIS DE DÍA

2016

**Para nenas e nenos de
4 a 12 anos cumpridos no
momento da preinscrición**



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



Concellaría de Xustiza Social
e Coidados

Preinscrición

Nome e apelidos do neno ou da nena

Data de nacemento

Empadroado/a no Concello da Coruña (si/ non) _____
e con domicilio en _____

Teléfono de contacto _____

Don/dona, _____,
con DNI _____ pai/nai/titor/a legal,
desexa preinscribir ao seu fillo ou filla nos campamentos
de día segundo a seguinte orde de preferencia:

OPCIÓN	QUENDA
1ª	
2ª	
3ª	

ruta bus	A	B
Nº de parada á ida		
Nº de parada á volta		

Número Solicitud xeral		Número Solicitud NEE	
------------------------------	--	----------------------------	--

Co fin de cumprir co artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos proporcionados pasarán a formar parte dun ficheiro, do cal será responsable o Concello da Coruña e cuxa finalidade é a de xestionar os campamentos municipais realizados pola Concellaría de Xustiza Social e Coidados

A persoa que asina declara que son certos todos os datos contidos na presente solicitude e autoriza ao Concello da Coruña a comprobar a veracidade dos datos facilitados. A falsidade ou ocultación de datos, levaría á anulación da solicitude e a retirada dos dereitos que se obtivesen.

Asinado:

A Coruña, a _____ de _____ do 2016

Campamentos de día

DATAS DE REALIZACIÓN E TEMÁTICAS

Nas catro quendas do campamento adicarase a los menos unha hora diaria á práctica da lingua inglesa.

QUENDA 1, do 11 ao 24 de xullo, 104 prazas

Xogando a ser detective. Solucionaremos entre todos diferentes enigmas para poder resolver un caso misterioso.

QUENDA 2: Do 26 de xullo ao 7 de agosto, 104 prazas

Aula de natureza. Centrarémonos en despertar o interese dos nenos e das nenas pola Natureza, e descubriremos de que maneiras podemos axudar a conservala.

QUENDA 3: Do 8 de agosto ao 21 de agosto, 104 prazas

Escola de circo. Faremos actividades que desenvolvan as facultades artísticas dos menores ó mesmo tempo que aprenderemos as técnicas circenses mais divertidas.

QUENDA 4: Do 22 de agosto ao 4 de setembro, 104 prazas

Xogos Olímpicos. Practicaremos deporte e aprenderemos cousas sobre os Xogos Olímpicos: de onde ven o nome, onde foron os primeiros, o significado dos cinco aneis, etc.

LUGAR DE CELEBRACIÓN

Indicarase no momento da preinscrición

HORARIOS

- **Actividades**, de 10.00 a 18.15 h.

- **Autobús**, a saída da primeira parada das rutas do autobús será as 9.00 h e, ao regreso, a chegada á última parada será as 19.15 h.

No momento da preinscrición poderanse consultar as rutas dos autobuses dos campamentos de día.

Non se realizarán paradas fora das establecidas nas rutas programadas.

Datas importantes

PREINSCRICIÓN

No centro cívico de Monelos os días 29, 30 de xuño e 1 de xullo de 11.00 a 13.30 e de 16:30 a 20:00 h.

SORTEO PÚBLICO

No centro cívico de Monelos o 1 de xullo ás 20.15 h.

LISTAXE DE ADMITIDOS/AS E DE RESERVA

O 5 de xullo. As listaxes poderán consultarse nos centros cívicos, na páxina web www.servizossociais.es ou no 010.

INSCRICIÓN

No centro cívico de Monelos, os días 5, 6 e 7 de xullo, de 11.00 a 13.30 e de 16:30 a 20:00 h.

No momento da inscrición aboarase o custo do campamento, cubriranse as autorizacións e cuestionarios necesarios. Tamén será necesario entregar unha fotocopia da tarxeta sanitaria do menor e unha foto tamaño carné.

XESTIÓN DA LISTAXE DE RESERVA

A partir do 8 de xullo.

Os menores que se atopen na listaxe de reserva e sexan admitidos, serán avisados telefonicamente.

CUSTO

85 € por participante

RESGARDO DE PREINSCRICIÓN

A nena/O neno _____ preinscribiuse nos campamentos de día, na seguinte orde de preferencia :

OPCIÓN	QUENDA
1ª	
2ª	
3ª	

Número Solicitud xeral		Número Solicitud NEE	
------------------------------	--	----------------------------	--